



## VIII TROFEO CLUB DEPORTIVO AURUM

OURENSE, 24 MARZO MMXIX

### REGULAMENTO

#### **Artigo 1. ORGANIZACIÓN.**

O Club Deportivo Aurum coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo e a Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo e o patrocinio do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, organiza o VIII Trofeo Club Deportivo Aurum, que se celebrará o domingo 24 de marzo de 2019 en xornada de mañá, na Pista de Atletismo do Campus Universitario de Ourense.

#### **Artigo 2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN E HORARIO.**

HOMES	HORA	MULLERES
	10:00	5.000 m. Marcha S16 S18 S20 S23 S M
5.000 m. Marcha S16 S18 S20 S23 S M	10:40	
3.000 m. Marcha S14	11:15	3.000 m. Marcha S14 – S16
2.000 m. Marcha Sub12	11:40	2.000 m. Marcha S12
1.000 m. Marcha Sub10	12:00	1.000 m. Marcha S10
Premiacións	12:10	Premiacións
5.000 m.	12:20	Altura
	12:40	1.500 m.
1.000 m. S14 – S16	12:50	
	13:00	1.000 m. S14 – S16
500 m. S10 – S12	13:10	
	13:20	500 m. S10 – S12
1.500 m. Obstáculos S16	13:30	
	13:40	1.500 m. Obstáculos S16
Premiacións	13:45	Premiacións

Coa relación definitiva de atletas admitidos/as o organizador poderá modificar o horario de competición.

#### **Artigo 3. PARTICIPANTES.**

Poderán participar todos/as os/as atletas con licenza federativa en vigor.



#### **Artigo 4. INSCRICIÓNS.**

As inscricións realizaranse na intranet da RFEA ata as 20:00 h. do martes 19 de marzo de 2019. Os/as atletas deberán aportar a súa mellor marca para ser encadrados/as nas series.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase a relación de atletas admitidos/as.

**Os/as atletas deberán aboar 2€ por dorsal no momento da súa retirada, agás os/as atletas das categorías S10 – S12 – S14 – S16 – S18.**

#### **Artigo 5. CONFIRMACIÓN DE PARTICIPACIÓN E RECOLLIDA DE DORSAIS.**

Os/as atletas inscritos/as confirmarán a súa participación e recollerán persoalmente o seu dorsal na Secretaría de Competición ata 1 hora antes do inicio da proba na que se atopan inscritos/as.

#### **Artigo 6. ATLETAS NON PRESENTADOS.**

Todos/as os/as atletas que se inscriban, non participen finalmente e non comuniquen a súa renuncia ata 24 h. antes do comezo da primeira proba do programa, serán sancionados cunha multa de 10€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calquera control ou proba oficial organizada na Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo.

#### **Artigo 7. CÁMARA DE CHAMADAS.**

Todos/as os/as participantes deberán acreditarse na Cámara de Chamadas mediante a súa licenza federativa ou documento oficial con fotografía.

CÁMARA CHAMADAS	APERTURA	PECHE
CARREIRAS	20' antes da proba	10' antes da proba
CONCURSOS	50' antes da proba	40' antes da proba

#### **Artigo 8. PREMIOS.**

Entregarase medalla aos/ás 3 primeiros/as atletas de cada proba, sendo obrigatoria a presenza do/a atleta na cerimonia de premiación.

#### **Artigo 9. NORMATIVA.**

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e IAAF.